



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 11 DE XUÑO DE 2011

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as doce horas do día once de xuño do ano dous mil once, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as, nomeados por orde alfabético:

- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D. José Manuel Domínguez Freitas.
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Beatriz Estévez Álvarez
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez.
- D^a. Rosa M^a Pazós Lomba.
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. José Vicente Ferreira.
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PRIMEIRO: CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.

A Secretaria da lectura do artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, LOREG, que sinala textualmente: "1.- *Las Corporaciones municipales se constituyen en sesión pública el vigésimo día posterior a la celebración de las elecciones, salvo que se hubiese presentado recurso contencioso-electoral contra la proclamación de los concejales electos, en cuyo supuesto se constituyen el cuadragésimo día posterior a las elecciones.*

2. A tal fin, se constituye una Mesa de Edad integrada por los elegidos de mayor y menor edad, presentes en el acto, actuando como Secretario el que lo sea de la Corporación.

3. La Mesa comprueba las credenciales presentadas, o acreditaciones de la personalidad de los electos con base a las certificaciones que al Ayuntamiento hubiera remitido la Junta Electoral de Zona.

4. Realizada la operación anterior, la Mesa declarará constituida la Corporación si concurren la mayoría absoluta de los Concejales Electos. En caso contrario, se celebrará



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

sesión dos días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fuere el número de concexales presentes”.

Se procede a constitui-la Mesa de Idade, integrada polos elexidos de maior e menor idade presentes no acto, actuando como Secretaria a da Corporación, quedando constituída a Mesa de Idade por **D. José Vicente Ferreira**, como Concelleiro asistente de maior idade, como Presidente; **D. Antonio Fontenla Martínez** Concelleiro de menor idade, e Dna. Julia M^a Carrasco González-Alegre, Secretaria da Corporación.

SEGUNDO: COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS E PERSONALIDADE DOS ELECTOS.

Procédese polos membros da Mesa de Idade á comprobación das credenciais presentadas. Atopadas conformes as credencias, dase conta pola secretaride que a totalidade dos concelleiros electos presentaron ante a Secretaría da Corporación as declaracións de bens e de causas de posibles incompatibilidades, no Rexistro de Intereses, e que se atopan debidamente inscritos nos libros correspondentes.

O señor Presidente declara CONSTITUIDA A CORPORACIÓN MUNICIPAL composta polos seguintes membros, nomeados por orde alfabética:

- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D. José Manuel Domínguez Freitas.
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez.
- D^a. Rosa M^a Pazós Lomba.
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. José Vicente Ferreira.
- D^a. Hortencia M^a Vicente Santiago

TERCEIRO: XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELEIROS.

O quedar constituída a Corporación e para tomar posesión dos seus cargos, os señores Concelleiros, para dar cumprimento o Real Decreto 707/1979 do 5 de abril, procederán a prestar xuramento/promesa facéndoo ante tódolos presentes, por orden alfabético. A fórmula empregada literalmente dí: “Xuro/Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda con lealdade o Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.” Os concelleiros don Xan Lois Lomba Alonso e dona Hortensia García Díaz utilizan a seguinte fórmula: “*Prometo pola miña*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de A Guarda con lealdade o Rei, por imperativo legal, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

CUARTO: ELECCIÓN DE ALCALDE.

Acto seguido, a Sra. Secretaria, de orden da Mesa de Idade, da lectura ás normas reguladoras da elección do alcalde, contidas no artigo 196 da Ley Orgánica 5/1955, de 19 de xuño e que literalmente dí:

“En la misma sesión de constitución de la corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:

a) Pueden ser candidatos todos los Concejales que encabezen sus correspondientes listas.

b) Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los Concejales es proclamado electo.

c) Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el Concejales que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente Municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.

En los Municipios comprendidos entre 100 y 250 habitantes pueden ser candidatos a Alcalde todos los Concejales: si alguno de los candidatos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los Concejales es proclamado electo; si ninguno obtuviese dicha mayoría será proclamado alcalde el Concejales que hubiere obtenido más votos populares en las elecciones de Concejales.”

Os concelleiros que encabezan as súas correspondentes listas, que poden ser candidatos para o cargo de Alcalde, son os seguintes:

- D. José Manuel Domínguez Freitas polo PsdeG-PSOE.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira polo PP.
- D. Xan Lois Lomba Alonso polo BNG.
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez por CONVERXENCIA GALEGA.

Antes de pasar a realizar a votación, concédese un turno de explicación do voto para os candidatos que o desexen.

Intervén o señor Lomba Alonso e di o seguinte: “Dende o BNG imos explicar o sentido do noso voto.

O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO presentouse a estas eleccións co obxectivo de liderar un goberno na Guarda que apostase polos sectores produtivos e as maiorías sociais, “de acordo co que defendimos durante a campaña electoral”.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Ante a imposibilidade de levarse a cabo esta empresa e coa responsabilidade de non avalar políticas de dereita desde os gobernos municipais. O BNG vaise abster nesta votación.

O BNG entende que nesta legislatura ábrese un novo tempo político sen maiorías absolutas no que o diálogo debe ser unha constante, e no que poñeremos os intereses dos guardeses e guardesas por enriba de todo.”

De seguido pásase a realiza-la votación para a elección de Alcalde, mediante votación ordinaria. sendo o resultado o seguinte:

- D. José Manuel Domínguez Freitas 8 votos.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira 6 votos.
- D. Xan Lois Lomba Alonso0 votos.
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez1 voto.

En consecuencia, sendo dezeseite o número de Concelleiros da Corporación e nove a maioría absoluta legal, dado que non se alcanza o quorum esixido, de acordo co artigo 196 da Lei Orgánica 5/1955, de 19 de xuño, LOREG, es proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivo maior número de votos populares no correspondente Municipio, polo que resulta proclamado D. José Manuel Domínguez Freitas.

O señor Presidente da mesa de idade sinala que queda proclamado Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas .

SEXTO: XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESION DO ALCALDE.

Aceptado o cargo e prestada promesa pola súa conciencia e honra de cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de A Guarda con lealdade o Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, D. José Manuel Domínguez Freitas diríxese o auditorio con estas palabras:

“Sras. Concelleiras. Sres. Concelleiros. Sras. e Sres.:

A vontade colectiva do electorado guardés, expresada democraticamente o día 22 de maio, conformou esta Corporación Municipal que acaba de tomar posesión dos seus cargos e determinou tamén a quen lle tocaría o difícil e apaixonante reto de gobernar este pobo e a quen lle correspondería facer o non menos importante traballo de oposición. Noraboa a tódalas concelleiras e concelleiros polo que de feroso e importante ten o feito de ser representante do pobo e o desexo, que tamén é autodesexo, de que acertemos no desempeño das responsabilidades que acabamos de adquirir. Éxitos e sorte para todos; éxito e sorte, en definitiva, para o futuro de A Guarda.

En días pasados tiven a oportunidade de agradecer ós compañeiros e compañeiras de Corporación que finalizaron o seu mandato os traballos e desvelos por mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas deste pobo; aínda máis: no ano 2009, co gallo do 30 aniversario dos concellos democráticos, agradecín en nome de A Guarda o traballo e o esforzo que case 100 edís fixeron, moitas veces a cambio de nada, por este pobo, polos seus concidadáns.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Nesta ocasión non quero deixar de lembrar ós arredor de 100 candidatos e candidatas que, integrados nas 5 listas que se presentaron ás eleccións municipais, competiron por ser membros desta Corporación cunha única meta: aportar as súas ideas e os seus esforzos para conseguir un mellor futuro para os veciños deste pobo. Algúns, 17, conseguírono. Outros, non.

A uns e a outros, gracias.

Gracias porque os tempos que corren non son fáciles para a política en xeral, e tampouco para a política local. Son tempos nos que resulta cómodo e gratis asociar política e malas prácticas, mesmo política con corrupción. Son tempos nos que todo se xudicializa e onde o principio xeral de que un é inocente mentres non se demostra o contrario, case se transforma nun “un é culpable mentres non demostre ser inocente”. Quero dicir públicamente que teño coñecido ducias, centos de persoas que se dedican á política e que son honestos, honrados, íntegros. Iso non se destaca. O que se destaca e coñece é o proceder dos poucos deshonestos e corruptos que, debidamente amplificado, causa un dano terrible e crea na cidadanía un estado de opinión que, estou seguro, non se corresponde coa realidade. A todos os que conformaron esas candidaturas, novamente o meu recoñecemento.

É momento hoxe tamén para expresar o meu agradecemento persoal. Primeiro, ós meus compañeiros e compañeiras por verme elixido para encabezar a candidatura do Partido Socialista. En segundo lugar, ó electorado guardés polo caudal de confianza expresado cara a nós o pasado 22 de maio. En terceiro lugar, ós que posibilitaron a miña elección como Alcalde. Lembro os momentos da miña elección no 99 e no 2007. Sinto hoxe a mesma satisfacción e o mesmo peso pola responsabilidade que recae sobre min.

Son tempos difíciles polo que antes refería e son tempos difíciles pola crise mundial que estamos a padecer. O desemprego, a perda de poder adquisitivo, a crise de confianza debuxan un panorama complexo que, entre todos, deberemos superar. As facendas locais tampouco pasan polo mellor momento. Pero nos tempos difíciles e cando a coraxe, a ousadía e a imaxinación teñen que facernos saír adiante. Estou seguro que esta Corporación que presido conxuga todas estas cualidades e no 2015, cando finalice a nosa singladura, poderemos dicir que o logramos, que conseguimos saír adiante. Debo, teño e quero ser optimista a pesar das dificultades. Mal patrón aquel que diante da tempestade non fai todo o necesario por facer que o barco chegue a porto. A Guarda chegará a porto. A bo porto.

Creo niso porque creo neste pobo. Porque coñezo a súa historia pasada, porque sei do seu valor. A fins do XIX e principios do XX, cando as cousas pintaban aquí moi mal, marchamos a América e con gran esforzo saímos adiante e mesmo algúns fixeron fortuna. Nos anos 50 e 60, de moitísimas dificultades, Europa foi a nosa meta e tamén saímos adiante. Os nosos homes do mar foron pioneiros en buscar o sustento en tódolos océanos e mares do mundo. Poño isto como exemplo de superación, non como invitación á emigración, evidentemente. Sempre saímos adiante, fóra e dentro, porque os que quedaron aquí tamén traballaron arreo para superar os malos momentos. Este pobo é así. Por iso estou seguro que, con esforzos, sairemos, unha vez máis, adiante.

Durante a campaña electoral, os distintos partidos tivemos ocasión de explicarlle ós cidadáns as medidas que pensábamos levar adiante neste vindeiro período. Partindo da base de que as economías municipais están como están, os programas tiñan cono denominador



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

común o realismo, o aceptar a situación actual. Había coincidencias e diverxencias, como é natural, pero penso que transversalmente afloraban en todos eles dous grandes retos para os vindeiros anos: o fomento do emprego e a preocupación polas políticas sociais. Respecto do emprego teremos que facer posible incentivar, dende a limitación neste eido do Concello, a creación de emprego mediante a bonificación de impostos municipais. Deberemos incidir na organización de cursos e accións formativas tendentes a mellorar a cualificación dos nosos traballadores, sobre todo dos máis novos. E reclamaremos a construción, aínda que sexa por fases, do Parque Empresarial A Guarda- O Rosal. Cando pase a crise, que pasará, deberemos ter chan industrial que ofertarlle ós nosos empresarios, ós nosos emprendedores. E xunto con isto, tódalas políticas das distintas áreas deberán ter como norte o de poñer as bases para que a iniciativa privada fomente a creación de postos de traballo.

No outro eido, no dos servizos sociais, temos outro reto. Xa se sabe: en tempos de crise, aumento de persoas que sofren necesidades primarias. É a nosa obriga, xunto co resto das administracións, estar a altura das circunstancias. Por iso teremos que ser capaces de ofertar o mellor dos servizos, establecendo claramente as prioridades porque as necesidades son moitas e os cartos contados. Cunha premisa que todos temos clara : antes as persoas, despois os baches.

O equilibrio de forzas desta Corporación vai facer preciso que durante os vindeiros catro anos se establezan canles de diálogo e de colaboración entre nós para que determinados obxectivos de vital importancia para A Guarda poidan conseguirse. É necesario crear un clima de entendimento e de negociación. Ofrezco vontade de negociación, de búsqueda de acordo, dende o principio de que o único importante é A Guarda. Pido o mesmo ós outros grupos: altura de miras, estar á altura das circunstancias. E sei, sabemos todos que negociar sempre supón renuncia.

No meu proxecto , no noso proxecto, pretendo involucrar a todos. Primeiro ós guardeses e guardesas, despois ós seus representantes, ós concelleiros e concelleiras, e como non, ós funcionarios e traballadores desta casa, ós que agradezo o seu traballo e compromiso nestes pasados anos e , cos que imos poder contar novamente, estou seguro, a partir de agora.

Quero finalizar a miñaintervención coas mesmas palabras que empreguei no 99 e no 2007:

Temos todo o necesario para medrar. Temos un s veciños que supoñen un capital humano increíble. Non hai un Concello que teña, porcentualmente, a cantidade e calidade de colectivos organizados e asociacións que, a pesar das dificultades, fan unha labor formidable. Temos unha xente emprendedora que saíu adiante aquí e en moitos lugares fóra de aquí. Só temos que sentar as bases, ser capaces de poñer as condicións necesarias e o demais virá dado. Ilusión, ganas, esforzo, traballo e máis traballo e o que prometemos para estes vindeiros catro anos.

Moitísimas gracias.”



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde sinala que queda a disposición da nova Corporación os Informes de Secretaría, Intervención e Tesourería así como as certificación emitidas polas distintas entidades financeiras dos saldos existentes a día 15 de xuño de 2007, tanto do Concello como do Padroado Monte Santa Trega, todo elo en cumprimento dos art. 33.2 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais 3278/1986 de 13 de xuño e 36.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais RD 2568/1986 de 28 de novembro.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e trinta minutos o Sr. Presidente levanta a sesión , de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre